



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 4/2020 DO PLENO REALIZADA O DÍA 30-9-2020

Na casa consistorial do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e cinco minutos do día trinta de setembro de dous mil vinte reúnen-se, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto.

### ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)  
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)  
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)  
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)  
Ramón José Dopico Martínez (PP)  
Juan Manuel Freire Golpe (PP)  
José Otero López (PP)  
Remigio Pérez Bao (PP)  
José Ángel Roca Díaz (PP)

### AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

## ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 14-8-2020. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior; non se formula ningunha alegación polo que, en virtude do establecido no art. 91.1 do R.O.F (Real decreto 2568/1986), se declara aprobada a acta da sesión extraordinaria de 14-8-2020.

2. CONVOCATORIA ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO. O TSJ-Galicia comunica a necesidade de renovación da elección do xuíz de paz substituto de Irixoa, que se deberá facer nun prazo de 3 meses. A Alcaldía considera interesante e conveniente que o concello realice a tramitación e proposta do candidato máis adecuado. Dáse conta do informe xurídico de secretaría.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. De conformidade co establecido nos arts. 99 e ss. da Lei Orgánica 6/1989 do Poder Xudicial convócase publicamente elección para o cargo de Xuíz de Paz substituto deste municipio. Os aspirantes deben reunir os seguintes requisitos:

A)- ser español.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

- B)- ser maior de idade.
- C)- non estar impedido física ou psiquicamente para o desempeño do cargo.
- D)- non estar condenado ou procesado por delito doloso.
- E)- estar no pleno exercicio dos dereitos civís e non permanecer en causa de incompatibilidade, incapacidade ou prohibición para o cargo.
- F)- residencia no municipio, caso de resultar nomeado e substituír ao titular.

Retribución: unicamente terase dereito a percibir a compensación establecida pola Consellería de Presidencia, cando efectivamente se realice unha substitución prolongada.

Duración: 4 anos.

2. A convocatoria publicarase no BOP da Coruña. Os interesados no citado cargo deberán presentar solicitude no rexistro municipal, no prazo de 15 días hábiles, contado a partir da publicación no BOP. A solicitude deberá ser complementada coa documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos e xustificar os méritos alegados.

3. A proposta de nomeamento será acordada polo Pleno municipal, por acordo con maioría absoluta, e comunicada ao TSJ-Galicia.

3. APROBACIÓN INICIAL DESAFECTACIÓN E PERMUTA EN TIULFE (AMBROA): MANUEL VÁZQUEZ PENA. Dáse conta da tramitación do expediente analizado, aportando o promotor 2 proxectos: un con data do 15-10-2019 (inicial) e 13-8-2020 (definitivo); constan o informe xurídico de Secretaría e, principalmente, o informe técnico favorable no que se considera conveniente a operación para a mellora do equipamento do núcleo rural.

Os proxectos están redactados por Alberto Mariño Sánchez (enxeñeiro técnico agrícola), figurando no derradeiro o acordo de deslinde dos depósitos da comunidade de usuarios de Outeiro de data 16-7-2020; neste deslinde participaron e asinaron as seguintes persoas: Manuel Vázquez Pena, José Juan Abeal Coira, Melchor Dopico Monteiro, Manuel Vidal López, Pedro Díaz Varela, Josefa Coira López, Pablo López Díaz e Ángel Natalido del Barrio Fernández.

Tras un breve debate, sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade e maioría absoluta de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Apróbase inicialmente o expediente de desafectación dun pequeno tramo final na zona norte dun camiño público secundario en Tiulfe (parroquia de Ambroa), con referencia catastral 15040B503090440000EP, concretamente nunha superficie de 44 m<sup>2</sup> entre as parcelas 816, 815 e 001801500NH79E do polígono 503 de rústica de Irixoa. Posteriormente o tramo desafectado será permutado coa parcela 001802300NH79E0000ZB, propiedade de Manuel Vázquez Pena (promotor do expediente), con equivalencia de valores, aínda que as superficies son distintas. O obxecto de tal desafectación e permuta é permitir un mellor equipamento do núcleo, así como un tráfico rodado máis seguro e con maior maniobrabilidade nesa zona. Ambas superficies están en solo de núcleo rural histórico-tradicional

2. Ábrese un período de información pública polo prazo de 1 mes aos efectos previstos no art. 8 do Regulamento de Bens das E.L. (R.D. 1372/86, do 13 de xuño), polo que se publicará o pertinente anuncio no B.O.P.



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

3. Unha vez concluído o anterior período de información pública resolveranse as alegacións ou reclamacións, se foran presentadas, e adoptarase o acordo definitivo de desafectación por maioría absoluta. No mesmo acordo poderase aprobar, se procedese, a permuta dos terreos desafectados, así como a afectación ao uso público do novo tramo incorporado como zona pública substituta.

4. COÑECEMENTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE MESES ANTERIORES. Dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía no mes de agosto de 2020, repartindo o secretario unha relación extractada das mesmas a cada corporativo asistente. Remítirase unha copia ás administracións estatal e autonómica.

O Pleno queda enterado.

5. MOCIÓNS DE URXENCIA: FESTIVOS 2021; DESINFECCIÓN CENTROS EDUCATIVOS (PSOE); OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS (PP); DEFENSA DA ORDE CONSTITUCIONAL (PP). Pasando á quenda de mocións de urxencia, expóñense por parte dos grupos municipais as seguintes mocións:

5.1. FESTIVOS LOCAIS 2021. Dáse conta de que Consellería de Emprego solicita a proposta municipal de festivos locais para o 2021, como se tramita todos os anos, aínda que non puido incluírse como punto nesta sesión.

Sometida a citada urxencia a votación ordinaria, por acordo unánime de 9 votos favorables (maioría absoluta), declárase apreciada tal urxencia.

A Alcaldía propón os festivos locais tradicionais do martes de entroido e o 10 de agosto (san Lourenzo), aínda que admite estudar outras datas e propostas.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. O Concello de Irixoa realiza a seguinte proposta de festivos locais para o 2021: 16 de febreiro (martes de entroido) e 10 de agosto (san Lourenzo).

2. Comunicarase o presente acordo á Consellería de Emprego e Igualdade aos efectos do calendario laboral para o 2021.

-----  
5.2. DESINFECCIÓN CENTROS EDUCATIVOS POLA XUNTA DE GALICIA (PSOE). Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) dáse conta da urxencia da moción debido ao estado da pandemia.

Sometida a citada urxencia a votación ordinaria, por acordo unánime de 9 votos favorables (maioría absoluta), declárase apreciada tal urxencia.

A concelleira socialista xustifica o contido da proposta, dado que son medidas preventivas de carácter sanitario e educativo, competencias da Xunta de Galicia.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Por parte do sr. alcalde (PP) tamén se coincide coa argumentación da concelleira socialista e considera que os pequenos concellos non teñen capacidade económica para asumir este sobre custo.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, a seguinte **moción**:

## **MOCIÓN SOBRE O SOBRECUSTE DOS GASTOS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA PARA OS CONCELLOS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nas instrucións aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (DOG nº 174 bis, de data 28/08/2020), e na actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo de data 22 de xullo, de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia (versión do documento a 31/08/2020), no que atinxe as medidas xerais de limpeza e desinfección dos sinalados centros educativos de titularidade autonómica, impóñense unha serie de obrigas mínimas, que serán reflectidas nos Protocolos que deben de aprobarse por cada centro educativo, pasando deste xeito a formar parte do chamado "*Plan de Adaptación á Situación COVID-19 no curso 2020/2021*".

O obxecto do sinalado Protocolo é crear un entorno escolar saudable e seguro, atopándonos en consecuencia ante medidas de **carácter sanitario** e tamén de **carácter educativo**.

Tras numerosas queixas e dúbidas trasladadas á Deputación Provincial de A Coruña por moitos alcaldes e alcaldesas, e co obxectivo de aclarar se os traballos de limpeza e desinfección dos centros educativos de titularidade autonómica corresponde á Administración Autonómica ou aos Concellos, polo Presidente da Deputación encargouse ao servizo de Asesoría Xurídica do ente provincial a elaboración dun informe. Pois ben, este informe conclúe que a competencia de limpeza e desinfección dos colexios para cumprir cos protocolos de prevención da COVID-19, correspóndelle á Xunta de Galicia. Do sinalado informe, en síntese, derivase o seguinte:

*Ao respecto das **medidas sanitarias** "a competencia sanitaria está regulada, na actualidade na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, cuxo artigo 48 non deixa lugar a dúbida cando establece que, entre as prestacións de saúde pública, atópase a prevención e control das enfermidades transmisibles" (apartado d)). "Dado que o propio documento que contén as Instrucións da Xunta, reflecte que, ditas medidas de limpeza e desinfección teñen como finalidade, precisamente, a prevención e control dunha enfermidade transmisible, a infección respiratoria causada polo SARS-CoV-2, estamos ante unha medida de saúde pública, que debe ser debidamente implantada pola administración sanitaria competente, que, neste caso, é claro, é a Autonómica".*

*A máis abundamento, é de resaltar que, "nin a normativa de ámbito local, nin a Ley de Saúde de Galicia (art. 80), atribúen competencia algunha en materia de sanidade a favor das entidades locais, en relación á implantación e execución das que medidas que, no ámbito de saúde pública, se adopten pola CCAA".*

*E conclúe o informe que "o control sanitario atribuído aos concellos, atendendo á literalidade da norma autonómica, debe encuadrarse nunha mera función de vixilancia do territorio do mu-*



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

*nicipio e da súa poboación, ao tratarse da administración de maior proximidade, pero en modo algún este control pode implicar a adopción de medidas específicas, que van máis aló dunha limpeza ordinaria".*

No que atinxe ó **ámbito educativo**, razoa o informe xurídico, a normativa vixente opera a transferencia de competencias na devandita materia, a favor da CCAA de Galicia.

Ao abeiro da regulación contida na Lei Orgánica de Educación e na Lei das Bases do Réxime Local, o deber de conservación de centros de educación infantil, primaria e especial corresponderá so aos concellos, cando éstos ostenten a titularidade deses centros; correspondendo ditas funcións á administración autonómica, nos centros de titularidade autonómica.

*Agora ben, no caso de que "o lexislador autonómico optara, no exercicio das súas competencias, por ampliar as competencias das corporacións locais, respecto á conservación e mantemento dos centros escolares - coa inherente carga financeira que esta ampliación conlevaría - a CCAA deberá por a disposición das entidades locais, a correspondente provisión de medios económicos, materiais e persoais para o exercicio das mesmas, de conformidade coo art. 7y 27 de la LBRL".*

En definitiva, non pode máis que concluírse que *"en modo algún pode encomendarse as entidades locais novas funcións e responsabilidades na conservación e mantemento dos centros escolares, independentemente da titularidade dos mesmos, sen a correspondente consignación orzamentaria para sufragar ditos gastos, e sen a correspondente delegación de tal competencia, pois o contrario supón unha vulneración da autonomía local constitucionalmente garantizada, así como unha infracción da normativa básica estatal, en materia de educación e de regulación das bases das entidades locais".*

Por outra banda, cabe recordar, que a Xunta de Galicia foi perceptora de case 93 millóns de euros por parte do Estado, precisamente, para adaptar os centros educativos á situación actual de pandemia; cando, na realidade, son os propios Concellos os que están a soportar o importante sobrecoste que o exercicio dunha competencia que non lles corresponde, lles está a ocasionar.

Este grupo municipal carece de información sobre canto lle está a costar a este Concello facer fronte as medidas excepcionais precisas para a prevención da COVID-19 nos centros escolares (información cuxo traslado reiteramos), pero o que sí sabemos é que en todo caso eses gastos son a cargo do propio orzamento municipal.

Polo exposto, O Grupo Municipal Socialista solicita ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia a cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito sanitario e educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir que a volta a clase e o curso académico poda desenrolarse de maneira presencial, segura e con calidade.
2. No caso de que a Xunta de Galicia decida encomendar as entidades locais novas funcións e responsabilidades en materia de conservación e mantemento dos centros educativos, proceda a delegación formal das mesmas e realice a correspondente consignación presupuestaria para sufragar tales gastos.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

3. Instar á Xunta de Galicia a que proceda á compensación dos sobrecustes que os concellos están a soportar como consecuencia dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos.

-----  
5.3. GARANTÍA DO DEREITO CONSTITUCIONAL Á PROPIEDAD E COMBATE EFICAZ DA OCUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS (PP). Por parte do sr. Deibe (PP) dáse conta da urxencia da moción debido ao progresivo aumento das ocupacións.

Sometida a citada urxencia a votación ordinaria, por acordo de 7 votos favorables (maioría absoluta), 0 votos contrarios e 2 abstencións (sra. Cal e sr. Boado), declárase apreciada tal urxencia.

Por parte do portavoz do grupo municipal do PP dáse lectura ao contido da moción, que supón de feito a súa defensa.

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) entende esa problemática pero replica que o goberno está adoptando medidas efectivas para combater as ocupacións ilegais.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobada, 7 votos favorables (maioría absoluta) 0 votos contrarios e 2 abstencións (sra. Cal e sr. Boado), a seguinte **moción**:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ocupación ilegal de vivendas, segundo os últimos datos publicados, creceu un 58% no últimos cinco anos pasando de 7.739 casos denunciados en 2013 a 12.214 en 2018.

Soamente entre os meses de xaneiro e xuño de 2020 rexistráronse 7.450 denuncias por ocupación, un 5% máis que no mesmo período do ano pasado, segundo datos do Ministerio do Interior. De media, prodúcense 41 denuncias diarias por ocupación ilegal de inmobles.

Os cálculos estiman que hai un mínimo de 87.000 vivendas ocupadas ilegalmente en España ás que habería que sumar aquelas cuxa ocupación non se denunciou.

Estes datos móstrannos como a ocupación ilegal é un problema crecente no noso país que non soamente ataca o dereito á vivenda e á propiedade privada recollidos na Constitución Española (artigos 47 e 33 respectivamente) senón que, ademais, altera gravemente a convivencia veciñal e pon en serio risco a seguridade e integridade de persoas e bens.

Esta alteración da convivencia veciñal prodúcese pola proliferación de bandas organizadas que se dedican a ocupar inmobles para alugalos de forma ilegal a persoas ou familias en situación de vulnerabilidade ou para conseguir do lexítimo propietario diñeiro a cambio de desalojar a vivenda usurpada ilegalmente.

Nos últimos anos, producíronse avances lexislativos na loita contra a ocupación ilegal de vivendas como ocorreu en 2018 a través da Lei 5/2018 que modificou a Lei 1/2000 de Axuiza-



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

mento Civil en relación á ocupación ilegal de vivendas acurtando prazos e axilizando procedementos.

Pero é necesario, á vista das cifras anteriormente mencionadas, reforzar o ordenamento xurídico para que os ocupas non poidan ampararse en ningún baleiro legal e protexer e garantir de maneira contundente a propiedade privada, a convivencia e a seguridade xurídica ademais de loitar activamente contra as mafias que fixeron da ocupación ilegal o seu negocio.

Para iso, o Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados presentou unha Proposición de Lei Orgánica que, por unha banda, reforza o concepto de domicilio, pero ligado ao do lexítimo propietario, posuidor ou titular dun dereito sobre a cousa inmoble, fronte a quen ocupa sen título e sen tolerancia do primeiro.

E doutra banda, define por primeira vez de maneira inequívoca que é a ocupación ilegal: “a tenencia ou goce de cousa inmoble allea, sen pago de renda ou mercé, nin razón de dereito, que non se atopa amparada na mera liberalidade ou tolerancia do propietario ou posuidor real”.

Esta proposición de lei introduce medidas como que a autoridade pública ou os seus axentes poderán desaloxar as vivendas ocupadas ilegalmente nun prazo de 12 horas sen necesidade de esperar meses; considera nula a inscrición no Padrón municipal cando a persoa rexistrada sexa un ocupa ilegal; axiliza o proceso penal para xulgar este tipo de delincuencia e regula novas penas para quen fomente a ocupación ilegal e se estas persoas son responsables políticos inclúe unha inhabilitación de 15 anos para exercicio de cargo público.

Ademais, esta proposición de lei reforza os medios dos que dispoñen as comunidades de propietarios para combater a ocupación ilegal, e as negativas consecuencias que ten para a convivencia e a seguridade dos veciños, que poderán adoptar medidas preventivas tales como tapiar ou pechar portas ou xanelas.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular de Irixoa, presenta a seguinte:

## PROPOSTA DE ACORDO

1º. Manifestar o firme compromiso do Concello de IRIXOA, coa defensa do dereito á propiedade privada e a loita contra ocupación ilegal de vivendas.

Un compromiso que é compatible co apoio e protección a aqueles veciños e familias que se atopan en situación de emerxencia social, vulnerabilidade ou exclusión social por motivo de vivenda.

2º. Instar o goberno de España a aprobar de maneira urxente unha lei que garanta o dereito constitucional á propiedade privada e combata eficazmente a ocupación ilegal de vivendas.

3º. Apoiar as modificacións legais e as medidas incluídas na *Proposición de Lei Orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios* presentada polo Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados.



# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

4º. Dar traslado deste acordo ao Ministro de Xustiza e á Presidenta e portavoces dos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.

5.4. INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A DEFENSA DA ORDE CONSTITUCIONAL (PP). Por parte do sr. Deibe (PP) dáse conta da urxencia da moción debido á dexeneración da actividade política do goberno en relación á estabilidade constitucional.

Sometida a citada urxencia a votación ordinaria, por acordo de 7 votos favorables (maioría absoluta) e 2 votos contrarios (sra. Cal e sr. Boado), declárase apreciada tal urxencia.

Por parte do portavoz do grupo municipal do PP considérase que a virulencia dos ataques actuais á Constitución por parte de sectores do goberno é inaudita na etapa democrática (42 anos), debendo retomarse a normalidade constitucional por parte do goberno e o seu presidente; este debería cesar ou facer dimitir aos ministros contrarios á Constitución. Tamén o enfrontamento coa Comunidade de Madrid é un signo de politización partidista das relacións institucionais.

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) replica que o PP non está a facer un labor positivo sobre este tema, xa que a gravidade da COVID-19 precisa que se actúe cunha unidade política, mentres o PP está aproveitando a crise para tratar de derrubar ao goberno; non hai enfrontamento institucional partidista coa Comunidade de Madrid, pero o PP aproveita cada ocasión para inflamar o debate, bloquea a renovación do poder xudicial, etc.; polo tanto, anuncia o seu voto contrario á moción.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobada, 7 votos favorables (maioría absoluta) e 2 votos contrarios (sra. Cal e sr. Boado), a seguinte **moción**:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española, apoiada polo 88,54% dos españois, é o froito da Transición Española, un dos feitos histórico-políticos polos que o noso país é admirado internacionalmente debido a que se logrou pasar dunha ditadura á democracia dunha maneira exemplar.

A nosa Carta Magna constitúe a norma suprema do ordenamento xurídico español e, ademais de establecer os dereitos e deberes dos españois, fixa as institucións básicas da nosa democracia como son a Coroa, as Cortes Xerais, o Goberno e o Poder Xudicial.

Os españois e os poderes públicos estamos suxeitos ao cumprimento da Constitución e do resto do ordenamento xurídico, especialmente aqueles que integran calquera das mencionadas institucións.

Así, tanto os membros das Cortes Xerais e do Goberno central, autonómico ou local, así como quen integra o Poder Xudicial comprométese a desenvolver o seu labor «cumprindo fielmente as súas obrigacións, con lealdade ao Rey e gardar, e facer gardar, a Constitución como norma fundamental do Estado» cando toman posesión do seu cargo.

Doutra banda, a nosa Constitución tamén recolle a unidade de España, a separación de poderes, a solidariedade entre rexións e CCAA, e a liberdade (por exemplo, para elixir a lingua na





# CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

que se expresan ou na que estudan os seus fillos) e igualdade dos españois como elementos fundamentais do noso Estado de dereito.

Nos últimos anos, diversos movementos e grupos políticos, mesmo algúns que teñen responsabilidades de goberno e que xuraron «cumprir e facer cumprir a Constitución», puxeron en marcha un proceso para liquidar a nosa democracia e o sistema político xurdido do exemplar proceso da Transición Española

Para logralo, puxeron en dúbida a lexitimidade da nosa Carta Magna, establecendo unha falsa relación entre os problemas dos españois e os artigos da nosa lei de leis; manobraron para estigmatizar e baleirar de contido as institucións que nos definen como Estado de dereito; e algúns, mesmo, chegaron a vulnerar abertamente as leis que todos nos demos.

As noticias que se sucederon nos últimos meses e semanas e as declaracións dos ministros en sede parlamentaria poñen de manifesto como os ataques á Constitución e ás máis altas institucións do Estado, co Rey á cabeza, foron crescendo mentres o Goberno de España non só incumpriu a súa obrigaón de «gardar e facer gardar a Constitución», senón que virou facía postulados extremos, próximos a quen agride a nosa orde constitucional.

Ante estes ataques a todo aquilo que nos define como unha democracia e un Estado de dereito moderno, o Grupo Municipal Popular de Irixoa, presenta os seguintes:

## ACORDOS

1º. Instar ao Goberno de España a defender a orde constitucional e a:

\* Reivindicar a Constitución de 1978 froito da Transición Española como base da nosa democracia e alicerce fundamental da extraordinaria transformación económica e social do noso país durante os últimos 42 anos.

\* Respetar, de forma inequívoca, a separación de poderes que constitúe un dos fundamentos do noso Estado de dereito.

\* Defender a unidade da nosa nación e a igualdade, en dereitos e deberes, de todos os españois.

\* Protexer e apoiar o labor realizado por todas as institucións do Estado, co Rey á cabeza, como encarnación dos preceptos recolleitos na nosa Carta Magna.

2º. Dar traslado deste acordo ao presidente do Goberno e á presidenta e portavoces dos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.

6. ROGOS. Neste punto hai dúas intervencións:

6.1. A sra. Cal (PSdeG-PSOE) para que o concello aprobe instalar a dirección única na pista de Churío que pasa pola casa de Golpe (a petición de veciños).

Opina o sr. Otero (PP) que parece pouco viable esa dirección única, xa que provocaría problemas e molestias para veciños e madeiristas.

Responde o sr. alcalde (PP) que a proposta será obxecto de estudo.



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

6.2. O sr. Boado (BNG) para indicar que en diversas sesións plenarias instou ao concello a aplicar a normativa de fitosanitarios e sempre se lle afirmou que o concello non está suxeito a esa normativa; preguntando a instancias competentes da Xunta de Galicia, infórmanlle de que a normativa aplicable, tamén para concellos, é o Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro, do marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios (BOE 15-9-2012).

7. PREGUNTAS. No punto de preguntas interveñen a sra. Cal (PSdeG-PSOE) e o sr. Boado (BNG) para realizar as seguintes:

7.1. A sra. Cal pregunta se o concello recibiu o lote de máscaras do goberno e cal será o seu destino.

Contesta o sr. alcalde (PP) que se recibiu un lote e o destino serán os servizos sociais do concello.

Tamén intervén o sr. Boado (BNG) para indicar que a Xunta de Galicia igualmente debería facilitar máscaras para servizos municipais.

7.2. A sra. Cal pregunta se o concello ten constancia da desinfección dos autobuses escolares nos cambios de viaxe; polo que coñece entende que non se ven facendo.

Contesta o sr. Otero (PP e concelleiro de obras e servizos) que este tema cae totalmente fóra da competencia municipal, aínda que parece que os choferes son contrarios a realizar tal función.

7.3. A sra. Cal pregunta cando o concello vai facer a pista de Penedo (Churío).

Contesta o sr. alcalde que de momento realizouse a medición, pero que hai redactar e aprobar o proxecto dentro do plan oportuno.

7.4. A sra. Cal pregunta polos problemas da casa do neno e as melloras necesarias solicitadas, principalmente mellorar o illamento e o sistema de calefacción.

Contesta o sr. alcalde que o concello fixo unha adecuación do local e unha cesión temporal á persoa interesada; tamén houbo uns compromisos futuros, que polas circunstancias da pandemia da COVID-19 e a falta de persoal estanse a facer con atraso, pero que se cumprirán; considera que o prego de sinaturas recibido foi sorpresivo e equivocado, posto que a Alcaldía sempre está aberta ao diálogo. En relación á petición de mellora do muro de cerramento, unha das peticións do escrito, hai que indicar que é unha propiedade privada, polo que o concello non pode actuar nel.

O sr. Freire (PP) considera que a casa-niño merece o apoio municipal, pero que é unha actividade privada, onde a promotora tería que aportar un local, que neste caso o fai o concello, e coa subvención da Xunta debería resolver os seus problemas; non considera correcto vir con estas esixencias ao concello.



## CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

7.5. O sr. Boado pregunta pola situación da recollida dos plásticos agrícolas e as subvencións asociadas.

Contesta o sr. alcalde que non houbo subvencións aos concellos, senón unha recollida gratuíta o unha subvención dos prezos; o problema actual é que agora o prezo de recollida está en 100 €/tonelada (sen IVE), o que supón unha forte carga económica para o concello.

A continuación prodúcese un debate sobre a comenencia dun punto limpo; por diversos corporativos faise referencia ao punto de Monfero, considerándose que está mal xestionado e crea problemas; tamén se indica que o punto debería ser consorciado para 4 ou 5 concellos no rural, xa que é inviable para un único concello.

7.6. A sra. Cal pregunta polo lavado dos contedores, xa que fai tempo que non se realizan.

Contesta o sr. Otero que fai 15 días que se realizou o último pola empresa de recollida.

Tamén se produce un debate sobre a improcedencia de certos vertidos vexetais, como ramas de palmeiras, céspede, restos de podas, etc., o reparto de composteros (a sra. Cal di que os facilita a Deputación), así como outros aspectos da recollida do lixo.

O sr. alcalde considera que estes restos deberían servir para facer compost, sendo necesario unicamente un recuncho na parcela, polo que o compostero é prescindible.

Sendo as catorce horas e dez minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace  
O ALCALDE